



MÉNDEZ PÉREZ, José *et al.* (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI). Historia y documentos*. Santiago de Compostela: CSIC - Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento (*Cuadernos de Estudios Gallegos*, anejo XL), 829 pp.

A colección de anexos da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, editada polo Instituto Padre Sarmiento do CSIC (Santiago de Compostela), ofrécenos no seu cuadrexésimo volume a esperada colección diplomática do mosteiro lugués de San Salvador de Chantada, localizado na freguesía chantadina de San Salvador de Asma. Nesta obra recóllese e estúdase un vasto conxunto de máis de 350 unidades documentais, dispersas por unha decena de arquivos nacionais, que permiten reconstruír a historia baixomedieval (desde o séc. XI) e comezos da Idade Moderna (séc. XVI) dun dos principais cenobios bieitos da zona. Cómpre salientar primeiramente que o autor principal deste magno traballo, o investigador José Méndez Pérez, é o artífice da edición íntegra da colección diplomática (pp. [173]-759), así como do estudo histórico inicial (pp. [21]-152); neste último caso, cónstanos, ademais, que se trata dun condensado extracto dun estudo bastante máis amplo que, por esixencias editoriais, tivo que reducirse drasticamente. De maneira complementaria, o traballo foi intervido por outros dous investigadores que, en calidade de colaboradores, se encargaron de revisar os textos e asesorar a edición do estudo. Trátase do catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, Miguel Romani Martínez, e o investigador Pablo S. Otero-Piñeyro Maseda, ademais secretario de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Sorprende que esta colaboración chegase a cristalizar nunha coautoría, e, alén disto, chama a atención que o volume se enmarque nunha serie de proxectos e programas de investigación financiados polo MINECO alleos ao autor principal desta obra e dos que só participan os colaboradores¹ (p. [19]).

A presente publicación achéganos información histórica moi valiosa, apoiada en numerosas fontes documentais das que se dá boa conta nas pp. [157]-163 do volume. Nun primeiro capítulo (pp. [31]-[43]), faise un repaso ao espazo natural do mosteiro incluíndo unha relación comentada das comunidades monacais (mosteiros beneditinos e cirstencienses, priorados cluniacenses e abadias seculares rurais) xurdidas arredor da impropriadamente coñecida como Ribeira Sacra. Agradécese neste sentido o mapa incluído nas pp. [42]-[43], ao finalizar este apartado. O segundo capítulo deste estudo histórico ofrécenos unha contrastada información sobre o mermado patrimonio documental de San Salvador de Chantada (pp. [45]-52), tanto no referente ás escrituras medievais como á documentación moderna. Até o ano 1500 non se conservan máis de 300 pergamínos dun fondo que, segundo os autores, ben podería superar o milleiro; por outra parte, tampouco se coñecen tombos, rexistros de escrituras ou libros de contabilidade. Así mesmo, infórmanos da limitada difusión editorial até agora do patrimonio medieval conservado; aspecto que, de calquera maneira, aparece convenientemente referenciado nas fichas catalográficas da colección diplomática. Como non podía ser doutra forma, nunha publicación destas características e con este enfoque metodolóxico, os capítulos máis extensos do estudo céntranse na historia de San Salvador de Chantada e do seu patrimonio monástico. No primeiro caso (pp. [53]-99), trázase unha útil visión panorámica dos fitos históricos que conforman a traxectoria do cenobio: desde a súa etapa fundacional (a cabalo dos sécs. X-XI) como mosteiro familiar e dúplice baixo o amparo de dúas aristócratas

¹ Neste sentido, agradécese a corrección incorporada recentemente no sitio web de publicacións do CSIC, onde durante varias semanas aparecía un dos colaboradores como único autor do libro.

galegas, até o seu ocaso como casa independente coa anexión ao mosteiro de San Benito de Valladolid a finais do séc. XV. Así mesmo, dáse cumprida razón da adopción e implantación, no transcurso dos sécs. XII e XIII, da regra beneditina, así como da organización da comunidade monástica, que non debeu superar habitualmente a media ducia de monxes, e, por último, a estrutura do propio edificio do mosteiro. Unha das seccións centrais deste subcapítulo conságrase á reconstrución do abadoloxio de San Salvador de Chantada. A partir do limitado patrimonio documental medieval conservado, refírense os fitos principais dos doce abades coñecidos, desde o primeiro, Don Aloito (ca. 1073), até o derradeiro antes da anexión, Frei Álvaro da Pena (ca. 1473-1495); en calquera caso, cómpre sinalar que a maior parte deles (oito) exerceron o seu abadengo nos sécs. XIV e XV. Esta estabilidade, de acordo cos autores, propiciaría unha xestión monacal, en aparencia, seria, tal como reflicten as numerosas escrituras relativas á demanda de dereitos en igrexas, traslados de documentos reais, litixios, avinzas e adquisición de bens. Finalmente, tras un pequeno limiar introdutorio sobre o papel de San Benito de Valladolid, refírese o contido da bula papal de anexión de Chantada (1496) e explícase como foi o contexto de transición ao priorado, a finais do XV e nas primeiras décadas do XVI, coa chegada dos novos administradores do mosteiro e os dous primeiros priores baixo a Observancia, Frei Francisco de la Villa e Frei Alonso de Segovia. O estudo histórico péchase, alén das conclusións xerais, cun último capítulo centrado na exposición do proceso de formación do patrimonio monástico de San Salvador de Chantada (pp. [101]-147), definido, como o doutras institucións relixiosas, polas doazóns, as compras e as permutas até ben avanzado o séc. XVI, e consolidado coa forma de explotación e xestión do patrimonio por antonomasia: os contratos de aforamento. A partir principalmente de apeos e doutras fontes elaboradas en época moderna, ofrécesenos distintas informacións sobre os bens, rendas, granxas, pazos, igrexas (incluídas capelas do interior do mosteiro e ermidas), coutos e xurisdicións do mosteiro. Son particularmente destacábeis as numerosas rendas de cántaras e azumes de viño (a actividade vitícola era, con certeza, fulcral), de fanegas de centeo e de taleigas de castañas, así como tamén a construción de adegas, desde o séc. XV, na ribeira chantadina, as viñas ou a rendibilización dos soutos co

plantío de castiñeiros, Canto ao patrimonio territorial, pese á limitación das fontes, verifica-se que no caso de San Salvador o conxunto de propiedades se concentraban maiormente nun núcleo moi definido, como era o das vellas terras de Asma e do seu alfoz de Chantada; porén tampouco eran escasas as posesións nas terras de Lemos e Orcellón, para alén doutras espalladas noutros lugares máis afastados como no litoral pontevedrés (na comarca do Salnés). Agradécense, novamente, os mapas realizados para indicar as freguesías onde o mosteiro tiña propiedades ou beneficios (pp. [103], [110]-[111] e [116]). Resulta interesante, por último, comprobar a atracción da nobreza de cabaleiros e escudeiros na contorna de Chantada; así, na documentación editada pódense localizar individuos das liñaxes dos Temes, Taboada, Seixas ou Conde de Monterroso, á par doutros das ramas inferiores (como Albán, Castenda, Varela, Forna, Moure, Nogueira etc; p. 151).

Entre as cuestións mellorábeis ou desexábeis que axudarían a mellorar este gran traballo de investigación figuran –e así se recoñece nas conclusións– unha serie de asuntos de carácter socioeconómico e sociocultural pouco tratados, como a administración señorial nas xurisdicións de Chantada ou o perfil social dos individuos favorecidos pola intermediación do mosteiro para a obtención de ganancias a costa dos bens monásticos. A descuberta de novas fontes documentais permitirá avanzar dun modo máis pormenorizado nestas e noutras cuestións, que talvez xa figuraban, en parte, no estudo introdutorio orixinal. Porén, ao noso xuízo, a eiva máis importante afecta ao tratamento editorial das transcricións incluídas na colección diplomática, así como a inexistencia dun índice onomástico (topónimos e antropónimos). Deixarei esta última cuestión, pois se cadra poderá ser tido en conta para unha futura ampliación do corpus, e centrareime nas liñas seguintes na cuestión editorial. Se ben é certo que os criterios organizativos e catalográficos da edición, aínda que con certas reservas menores, son adecuados e se aplican de maneira coherente ao longo da colección diplomática, o certo é que o aspecto propiamente editorial revela unha moi descoidada atención ás particularidades da escrita e da lingua que se transcribe. Os responsábeis desta edición escúdanse no recorrente argumento –convertido xa nunha sorte de mantra desde hai ben tempo– da finalidade exclusivamente historicista das transcricións. Así se indica na tendenciosa nota a

rodapé 10 da p. 169, onde se recollen certos argumentos peregrinos –por descontextualizados e malinterpretados–, apoiándose na referencia editorial do *Libro de notas de Álvaro Pérez* (ed. Fernando R. Tato Plaza, 1999²):

Seguramente las soluciones apuntadas aquí para la transcripción de documentos en gallego no satisfacen a muchos, aunque el método seguido para transcribir se hace desde y con vista a los historiadores. Una transcripción puramente filológica que contentase a todos los partidarios de esta modalidad sería casi imposible. Conviene recordar una vez más, aunque parezca obvio repetirlo, que los pergaminos medievales no son tratados de gramática histórica, sino un reflejo interpretado de lo que se escuchaba en la «actio» del documento, con fines meramente económicos, sociales y jurídicos, nunca lingüísticos ni filológicos: véase una acertada reflexión alrededor de este debate en Fernando R. Tato Plaza, *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)* [Santiago de Compostela], Ponencia de Lingua, Consello da Cultura Galega; Ilustre Colexio Notarial da Coruña, 1999, pág. 68. (pp. 170-1, n. 10)

Non é este o lugar para xustificarmos coa atención requirida as xa coñecidas deficiencias deste tipo de razoamentos simplistas³; tan só é abondo salientarmos algunhas cuestións mello-rábeis, de redacción e contido, da obra que temos entre mans. En todo caso, é curioso que na cita anterior na que se alude como autoridade o *Libro de notas* non se inclúa, tamén do mesmo autor e na mesma páxina, este outro treito:

É comunmente aceptado que un texto editado por un lingüista non mingua o aproveitamento que del poida facer un historiador, mentres que a afirmación contraria non sempre se verifica. Isto, dito sexa de paso, dada por suposta a pericia e rigor no traballo dun e outro. (Tato Plaza 1999: 68)

Non se trata de “satisfacer” ou “contentar” a uns e a outros. Con independencia das vantaxes que supón a edición electrónica de fontes documentais (no cal non imos entrar aquí), trátase máis ben de presentar ao público investigador un produto da maior calidade científica posíbel, o cal implica un nivel de esforzo superior ao que estamos afeitos a ver en certas edicións documentais de corte histórico; moi valiosas e, ao tempo, moi desleixadas nos seus principios metodolóxicos. E para iso, non é preciso “filoloxizar” as edicións; tan só adaptar, cando menos no máis básico, algunhas pautas de transcripción e interpretación claramente erradas e/ou desactualizadas. Por desgraza, isto non fai parte das prioridades científicas de certos editores ou certas edicións, aínda a día de hoxe, o cal revela unha alarmante actitude anquilosada no panorama humanístico máis recente, que favorece o dispendio dos recursos –públicos ou privados– e a duplicación de proxectos. Volvendo á obra en cuestión, convén sinalar un conxunto de deficiencias, facilmente emendábeis, detectadas no capítulo de “Criterios de transcripción” (pp. [165]-171), e que, en gran medida, reflicten a atrofia ou inmovilismo científico do que estamos a falar. En calquera caso, convén aclarar que as cuestións comentadas a continuación non fan desmerecer a colección diplomática que aquí comentamos, mais si patentizan a urxente necesidade de alcanzar acordos sólidos no establecemento de criterios para que o traballo duns e doutros non fiquedesaproveitado dun modo tan pouco racional.

En primeiro lugar, resulta evidente que a organización e sentido das (sub)epígrafes incluídas no apartado en cuestión son sumamente confusos. Tras unha pequena introdución, inclúese un apartado de “Criterios de edición de la colección documental”; porén, a seguir,

² A cita en cuestión é a seguinte: “Non se trata dun problema de fiabilidade ou de fidelidade senón de perspectivas e intereses diversos. Por iso, non queremos entoa-lo pranto, xa tópico, sobre a inutilidade das edicións de documentos a cargo de historiadores para os estudosos da lingua. A estes corresponde a responsabilidade de edita-los textos en tanto que documentos lingüísticos e non ós primeiros; consecuentemente, é unha esixencia fútil. Ademais, tampouco pensamos que por moito que un historiador eluda ou ignore os feitos lingüísticos, estes desaparezan por completo da súa edición, só que, neste caso, a fonte debe tratarse como o que é, secundaria, e polo tanto, fértil en tanto que se analice criticamente e a cautela domine as conclusións que se tiren deses datos” (p. 68).

³ Por exemplo, é obvio que nin a *actio* (o acto negocial) nin a *conscriptio* (o acto escrito) de calquera documento de natureza probatoria, preparatoria ou instrumental ten una finalidade lingüística ou filolóxica en si mesma. No entanto, precisamente a escrita documental, en calquera das tres instancias da preparación (*imbreviato*) e formulación (*ingrossatio* e *validatio/autenticatio*) da escritura (quer un rascuño, quer un instrumento notarial), é un dos principais bancos de información cultural e lingüística dese acto oral previo, onde xorden, en maior ou menor grao, as particularidades da lingua e da fala dos intervinientes. A edición de textos antigos, calquera que for o seu obxectivo ou público, pode –e debe, en certos casos– regularizar ou modernizar certos aspectos para facilitar a súa lectura, mais tamén debe –e non só pode– reflectir, cando menos, os aspectos máis elementais do material escrito –e de reminiscencia oral– que se está a transcribir. E, desde logo, non debe falsealo de xeito tan flagrante.

mestúranse criterios e consideracións de tipo paleográfico e (orto)gráfico, organizados caoticamente en tres subseccións: “Reglas generales de transcripción: lectura”, “Abreviaturas e siglas” e “Ortografía”. Para alén da inadecuada titulación destes apartados e do contido que neles se inclúe, hai certos criterios que se repiten sen xustificación: por exemplo, a regularización fonética de *i* e *j*, de *u* e *v* ou das distintas variantes de *s* e *z* aparece tanto nas pp. 167-8 (“Reglas generales de transcripción: lectura”) como na p. 169 (“Abreviaturas e siglas”).

En segundo lugar, se nos detemos no comezo do propio capítulo, encontramos os referentes editoriais empregados: as *Normas de transcripción y edición de textos y documentos* (CSIC, 1944), adaptadas ás *Normes internationales pour l'édition des documents medievales* (1984) “y a las características específicas de los documentos escritos en gallego, cuyo sistema abreviativo y *anárquica ortografía* proporcionan combinaciones que muchas veces *escapan a la lógica paleográfica*” (o *italico* é meu). A respecto disto último, cítase como autoridade os dous traballos, xa clásicos, de Manuel Lucas Álvarez (1949 e 1991). Pese a enorme importancia destes catro referentes, o certo é que están desactualizados para o caso da transcripción e edición de fontes documentais redixidas en galego e, por outra parte, a praxe editora verificábel na colección diplomática en cuestión revela que, en calquera caso, o seguimento e aplicación de calquera destes referentes editoriais non é nin moito menos sistemático ou coherente. Á espera da aparición dunhas normas “de mínimos” —pensadas e accesíbeis para editores con formación exclusivamente histórica— para a transcripción de fontes documentais en galego, o que —parafraseando a cita anterior— realmente “se escapa a la lógica” non é a “anárquica ortografía” do galego medieval (algo presente en calquera escrita deste período, tamén no castelán e no latín, como é ben sabido por calquera editor), senón o feito de que a día de hoxe, 2016, continúan sendo obviadas, por parte de certos editores, os criterios de edición máis básicos e elementais publicados desde os anos 80 e 90 e tamén nos últimos 15 anos para a transcripción de textos galegos. Ben é certo que unha edición pensada para historiadores non ten por que transcribir seguindo criterios filolóxicos; porén, o que non é xustificábel é que se siga incorrendo por puro desleixo ou negligencia en certos abusos e vicios editoriais que, na verdade, son perfecta e facilmente corrixíbeis,

mesmo tamén en edicións históricas de coleccións diplomáticas. Tan só vou dar dous exemplos moi recorrentes —e moi indicativos—, dos moitos que se poderían citar, nunha rápida comprobación da edición que se analiza aquí. A nivel gráfico, o coñecidísimo trazo xeral de abreviación con valor de nasalidade vocálica; algo que, ao parecer, ultrapasa para algúns os límites do entendemento e do labor editorial. ¿Tan difícil será asumir que cando temos dúas vogais xuntas ese trazo ou til debe aparecer no texto editado? Na edición dos documentos de Chantada rexístrase por centos a forma do indefinido “huna”, cando estamos fartos de saber e repetir, dunha maneira ou doutra, que *hua* co trazo debe lerse *hũa*. Non se trata dun refinamento filolóxico, nin dunha grafía “aberrante”, nin tampouco dunha “combinación (...) que se escapa a la lógica paleográfica”; trátase, simplemente, dunha distinción necesaria por tratarse dunha variante propia, diferente a *hua* ou *una*, igual que *moyto* é distinto de *muyto* ou *fazer* é diferente de *faser* ou *facer*. Nos criterios de edición da obra afirmase ao respecto, de maneira atrapallada e contraditoria, o seguinte:

En cuanto al guión sobre diptongo, la cuestión es más delicada, ya que atendiendo a las normas aplicables a documentos en latín, se debería intercalar «n» entre las dos vocales; sin embargo, teniendo en cuenta que el acento diacrítico en gallego tiende a convertirse en guión, el problema resultante es difícil de dilucidar. En tales casos, se decidió adoptar la forma más parecida al gallego actual: así «pēã» será *pena* y «bōã» *boa*. Pero si la terminación de palabra es «s» precedida de un guión sobre diptongo, se opta por introducir la terminación «ns», típica del gallego: «consideraçõõs» se transcribe como *consideraçoons*, poniendo, cuando aparece así desarrollado en el documento, un (*sic*). (pp. 168-9)

Non é preciso insistir aquí nas profundas deficiencias deste inintelixíbel aserto. Sen entrarmos agora en detalle, de aceptarmos estas consideracións, daquela a forma “huna” editase desta maneira porque no galego actual o indefinido é así, con *-n-*; o cal é un completo absurdo. De non antender a estas razóns, daquela sería preferíbel actuar cun mínimo de prudencia e deixar simplemente “hua”, sen máis. Na verdade, o que hai detrás disto é unha clamorosa carencia (de vontade) formativa —cuxa crítica ultrapasa por moito os obxectivos dunha recensión— e que lamentablemente provén dun

método tradicional acientífico de enfrontarse á edición de textos (sexa da lingua que for), con independencia de que o interese sexa histórico, paleográfico ou filolóxico.

O segundo caso que vou exemplificar, agora dentro do plano abreviativo, é a recorrente expansión da forma *iglia* ou *eglia*, con trazo abreviativo, como “iglesia” ou “eglesia”, interpretando que o segmento abreviado é *es*, cando realmente é apenas un *e*, isto é: “igleia” (o *i* ou *j* da forma non é unha vogal, mais unha consoante prepalatal). Trátase dun caso, tamén, moi recorrente neste tipo de edicións e que promove, máis unha vez, a castelanización da nosa lingua medieval (igual que no caso anterior de “huna”). Hai moitos máis exemplos similares a estes que non vou citar aquí, mais que están perfectamente identificados, por exemplo, en traballos de recoñecidos e solventes editores do panorama galego actual, como Ramón Lorenzo (1988, 2004) ou José António Souto Cabo (2001, 2008). Mesmo tamén contamos, en diferente grao de tentativa, propostas que avogan por una edición histórica de fontes documentais máis rigorosa –mais non necesariamente “filoloxizante”– (por exemplo, Fernández de Viana y Vieites 1995, 1998 ou Cabana Outeiro 2007). A comunidade científica, incluídos os editores de coleccións diplomáticas máis prolíficos do noso país, coñecen, sen dúbida, estes e outros traballos similares. De facto, na propia obra que se toma como referencia para escusar os criterios editoriais (o *Libro de notas de Álvaro Pérez*), recóllense tamén certas pautas elementais de edición que, no entanto, aquí se despachan rapidamente por seren consideradas “puramente filolóxicas”. Canto á referencia aos pioneiros traballos de Lucas Álvarez, á marxe da renacementa de estudos sobre grafemática, paleografía e edición de textos galegos das últimas décadas que parece estar ausente no acervo bibliográfico dos responsábeis deste capítulo, o certo é que é facilmente verificábel que se trata dunha cita puramente retórica, reproducida recursivamente neste tipo de edicións, pois, na verdade, non se están a seguir, e menos de maneira sistemática, as consideracións do insigne paleógrafo galego. De aproveitaren realmente os traballos de Lucas Álvarez, unha boa parte desta recensión sería innecesaria⁴.

O presunto “escrúpulo” (p. 167) co que se realizan as transcripcións é, pois, absolutamente impostado tendo en conta a maior parte dos criterios adoptados. Regularízase, por exemplo, *u - v* e *i - j* segundo o seu valor fonético, mais, en troca, consérvanse ou aplícanse outras diferenzas gráficas (ou mesmo paleográficas) de menor entidade, como o reparto orixinal da variante con ou sen cedilla do *c* (exs. *peca*, *serviços*; en vez de *peça*, *servicios*), expándese co dígrafo *ch* o compendio grego *xp* (*Christo*, en vez de *Cristo*), mantéñense as xeminadas *bb*, *ff* ou *mm* en formas como *abbade*, *alffonso* ou *commo* (no canto de reducir a *abade*, *alfonso* ou *como*); transcríbese *nn* cando o *n* vai con trazo, con independencia do seu valor (mesmo cando non é palatal: ex. *anno* ‘ano’ ou *donna* ‘dona’) etc. Outra proba das eivas expositivas e interpretativas destas normas de transcripción/edición é a deficiente terminoloxía empregada para referirse a determinados fenómenos (braqui)gráficos, de sobra coñecidos, delongando torpemente unha nomenclatura –ou a ausencia dela– impropia dun traballo serio e científico; aínda máis se este vén asesorado por recoñecidos paleógrafos. Velaí algúns exemplos: “el «guión sobre n»” (trazo xeral de abreviación), “«v con bucle hacia atrás y partida por un trazo vertical»” (é o trazo mediolinear que cruza varias consoantes, como o *v* ou o *s* alto), “El signo de «ocho horizontal» o «de infinito»” (o bucle supralinear duplo), o “guión sobre diptongo” (o trazo xeral sobre hiato vocálico), “el acento diacrítico tiende a convertirse en guión” (???), “si la terminación de palabra es «s» precedida de un guión sobre diptongo, se opta por introducir la terminación «ns», típica del gallego” (dan como ex. *consideraçõs* > *consideraçoons*), o “uso indebido de las letras b por v, b por p, y por i o viceversa” (*uso indebido?*), “Por otro lado, en el caso de la preposición «en» seguida de artículo, con guión sobrepuesto, (como en «eño») se procede a su separación en o” (???) etc.

Hai, por tanto, unha morea de expresións equivocadas ou confusas froito quer do descoñecemento, quer da falta de vontade por actualizar un cómodo sistema de transcripción que avoga por continuar obviando as máis básicas particularidades gráficas dos textos obxecto de traballo. Son moitas as cuestións que, cando

⁴ Pódese ver unha recente discusión sobre estes asuntos en Lorenzo 2004, Pichel Gotérrez 2009: 33-67, 2012; Boullón Agrelo 2013.

menos na redacción dos criterios, cumpriría corrixir con urxencia, como a pauta moi cuestionábel de transcribir o tironiano como *et* nun documento romance de calquera período, a expansión da secuencia *po* con trazo infralinear como *Pedro* (e non como *Pero*), a confusa indistinción entre as variantes (pre)sigmáticas do *s* e do *z*, a separación de formas asimiladas como *eno* en “en o”, o uso (arbitrario) e abuso de (*sic*) etc. Non podemos valorar se todas ou parte das cuestións comentadas aquí xa estaban presentes na transcripción orixinal da colección diplomática levada a cabo polo autor principal, José Méndez Pérez, ou ben son froito da adecuación aos criterios esixidos pola editorial ou polos seus asesores. En calquera caso, sospeitamos que máis terá que ver co labor de revisión e asesoramento dos colaboradores, toda vez que verificamos como a aplicación cuestionábel e deficiente destas pautas de edición é, por desgraza, unha praxe habitual na transcripción de coleccións documentais destes dous investigadores⁵ (non así, desde logo, da editorial que acolle este traballo). O alto valor histórico manifesto nelas, como é o caso tamén da colección diplomática de San Salvador de Chantada, fica, en parte, deslucido pola aplicación anárquica e desleixada duns criterios editoriais trasnoitados e pouco comprometidos co patrimonio cultural –tamén lingüístico– de noso.

Así e todo, pese a esta importante eiva, a nosa valoración global desta monografía pasa polo recoñecemento da enorme importancia que supón contarmos por fin cun corpus diplomático de suma transcendencia para avanzarmos no coñecemento dun dos mosteiros clave do corazón da Galiza baixomedieval. Subscribimos, por tanto, a agarimosa dedicatoria coa que se abre o volume, agradecéndonos ao autor principal, aos colaboradores e “a todas as persoas que traballaron, traballan e traballarán arreo e fachendosas polo desenvolvemento das terras de Asma”. Parabéns, tamén, á editora e aos *Cuadernos de Estudios Gallegos* pola a valiosa ferramenta de traballo que poñen nas nosas mans.

Referencias bibliográficas

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2013): “A edición da documentación medieval non literaria en Galicia”, en R. Álvarez, A. M^a Martins, H. Monteagudo (eds.), *Maria Ana Ramos Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 57-76.
- Cabana Outeiro, Alexandra (2007): *O Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela. Edición e estudo*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Historiadores.
- Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1995): “Acordo entre filólogos, paleógrafos e historiadores”, *Medievalismo. Revista de la Sociedad Española de Estudios Medievales* 5, pp. 331-4.
- (1998): “Proposta para unha normativa de edición de documentos medievais en galego”, en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*. Vigo: Galaxia, vol. 1, pp. 71-80.
- Lorenzo, Ramón (1988): “Normas para a edición de textos medievais galegos”, en D. Kremer (ed.), *Actes du XVIIIe Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer, vol. 6, pp. 76-85.
- (2004): “Edición de documentos medievais. Problemas que presentan algunhas abreviaturas”, en R. Álvarez e A. Santamarina (eds.), *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, pp. 449-458.
- Pichel Gotérrez, Ricardo (2009): *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán. Colección diplomática (sécs. IX-XIII)*. Noia (A Coruña): Toxosoutos.
- “Hacia una edición comprometida de la prosa instrumental gallega”, en M^a A. Beas (coord.), *Nuevas líneas de investigación en el estudio diacrónico de la lengua española*. Palma (Illes Balears): Edicions UIB, pp. 65-76.
- Souto Cabo, José António (2001): *Crónica de Santa María de Iria. Rui Vasques (estudo e edición)*. Santiago de Compostela: Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos / Sada: Edición do Castro.
- (2008): *Documentos galego-portugueses dos séculos XII e XIII. Revista Galega de Filoloxía* (Monográfico nº 5). A Coruña: Universidade.

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ
 Universidad de Alcalá / USC-ILG
 ricardo.pichel@usc.es

⁵ Esta sospeita confirmase cando comprobamos que a inmensa maioría dos criterios recollidos nesta obra son un calco literal (incluso nas mesmas incorreccións terminolóxicas e na argumentación baleira e embrollada) das pautas editoriais publicadas, especialmente, nos diferentes volumes da colección diplomática do mosteiro de Santa María de Oseira (Romaní Martínez 1989, 1990, 1994, 2003, 2008, 2010; Otero-Piñeyro Maseda 2003, 2008).